



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Cese de Andrea Vázquez García como funcionario eventual do Concello de Oroso

ANUNCIO

ASUNTO: Cese de D^a. Andrea Vázquez García como funcionario eventual do Concello de Oroso.

Con data de 11/03/2026 por parte desta Alcaldía ditouse resolución n^o 351/2026 co seguinte contido:

Logo de ver que mediante resolución desta Alcaldía n^o 1517/2025 ditada con data de 6/11/2025 e publicada no BOP n^o 217 do 12/11/2025 procedeuse a nomear a D^a. Andrea Vázquez García funcionaria eventual de emprego, quedando adscrita temporalmente ao posto de traballo “*Secretaría de Alcaldía*”, coas funcións e retribucións determinadas na relación de postos de traballo e nos orzamentos municipais do Concello de Oroso, cunha xornada a tempo completo producindo efectos o presente nomeamento a partir do 7/11/2025 en substitución de D^a. Paula Rico Otero e durante o tempo de duración da baixa médica desta última.

Logo de ver o escrito presentado con data 11/03/2026 (RE n^o 202699900000560) por D^a. Paula Rico Otero no que comunica a finalización con data de 11/03/2026 da súa baixa médica e a súa intención de reincorporarse ao posto de traballo que viña ocupando con data de 12/03/2026.

Considerando que o nomeamento e cese de persoal eventual lle corresponde libremente a esta Alcaldía de xeito discrecional, tal e como se afirma en Sentenza do Tribunal Supremo de 3 de abril de 1992, pero que o feito de que o cese sexa libre e discrecional non significa que se poida cesar a este persoal eventual por razón da súa incapacidade temporal, posto que elo sería discriminatorio por razón da saúde, atentando contra os dereitos fundamentais dos empregados públicos.

Considerando que polo tanto procede, unha vez rematada a baixa médica, a reincorporación de D^a. Paula Rico Otero ao posto de traballo de “*Secretaría de Alcaldía*” e que como consecuencia desta reincorporación procede o cese de D^a. Andrea Vázquez García como funcionaria eventual desta Corporación.

Tendo en conta as competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Cesar a D^a. Andrea Vázquez García con DNI n^o **8339*** con efectos do día de hoxe 11/03/2026 como funcionaria eventual que estaba adscrita temporalmente ao posto de “*Secretaría de Alcaldía*” pola reincorporación de D^a. Paula Rico Otero logo da finalización da baixa médica desta última, que deberá incorporarse ao seu posto de traballo con data de 12/03/2026.

SEGUNDO: Notificar a presente ás interesadas así como proceder a dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre e a súa publicación no BOP de conformidade co previsto no artigo 104.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

TERCEIRO: Darlle traslado da presente resolución aos servizos económicos do Concello aos efectos de que proceda a realizar os trámites necesarios para a súa alta no réxime correspondente da Seguridade Social e demais trámites que resulten procedentes.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Oroso, 11 de marzo de 2026

O alcalde

Alexánder Doval Expósito